

## Concurso de Posters Estatística e Investigación de Operacións — MTE 2020-2021

### Bases do concurso

#### 1. Convocatoria

Co gallo do [XV Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións](#), o Máster Interuniversitario en Técnicas Estatísticas das tres universidades galegas, co apoio da [SGAPEIO](#), convoca o concurso Posters MTE para posters de estatística e investigación de operacións realizados por estudantes de dito máster.

Toda a información relativa a esta convocatoria pódese consultar na páxina web do máster: <http://eamo.usc.es/pub/mte/index.php/es/noticias> e na páxina web do congreso <http://xvcongreso.sgapeio.es/index.php/gl>

#### 2. Participantes

Poderán participar os/as estudantes matriculados/as no curso 2020-2021 no máster. A participación será a título individual.

Non hai límite de concursantes por cada universidade. Só se permite unha participación por estudante.

#### 3. Posters de estatística e investigación de operacións

Os participantes no concurso realizarán un póster de estatística e/ou investigación de operacións.

- O estudiantado que estea no primeiro curso académico ou no segundo pero que non defendese o traballo fin de máster e que non vaia a facelo neste curso, poderá facer un póster dalgún tema relacionado con algunha das materias cursadas, incluso dalgún traballo que tivesen que entregar. (Categoría A)
- O alumnado que vaia a defender o seu traballo fin de máster no curso 2020-2021, en calquera das súas convocatorias (xaneiro, xullo ou setembro), terá que facelo relacionado co seu traballo fin de máster (Categoría B)

#### 4. Inscripción

Para participar en “Posters MTE” cómpre enviar un correo electrónico a [mariajose.ginzo@usc.es](mailto:mariajose.ginzo@usc.es) co asunto “Inscripción Posters MTE”. **Prazo de inscrición 17 de xuño de 2021.**

#### 5. Envío de traballos

Cada participante debe enviar o seu póster ó correo electrónico [mariajose.ginzo@usc.es](mailto:mariajose.ginzo@usc.es), co asunto “Traballo Posters MTE”.

Os posters presentados, realizados integramente polo estudiantado participante, deben ser inéditos e orixinais.

Debe presentarse tamén un pequeno resumo co formato de plantilla de redacción creada para o congreso da SGAPEIO (.tex, .doc o .odt): <http://xvcongreso.sgapeio.es/index.php/gl>  
O arquivo co resumo deberá enviarse en formato .pdf e incluír como mínimo o resumo, palabras clave e bibliografía.

De ser posible a súa presentación material nas dependencias do congreso, os traballos presentados en formato póster terán un espazo máximo de 1189 x 841 mm ou 33'1x46'8 in (formato A0). A organización proporcionará os recursos necesarios para a súa disposición nos espazos do congreso.

Prazo de envío de traballos (póster e resumo): **27 de setembro de 2021.**

#### **6. Xurado e valoración dos posters**

Cada póster será revisado de forma independente por dous avaliadores, que emitirán un informe de valoración. A organización do concurso, en base a estes informes, realizará unha preselección dos posters presentados dentro de cada categoría que serán remitidos ó xurado para o seu fallo.

Na valoración dos posters, teranse en conta os seguintes aspectos:

- A orixinalidade do tema.
- A calidade e innovación na presentación do póster.
- As conclusións e a análise crítica do póster.

O xurado estará composto por 5 membros: un representante do comité organizador do congreso da SGapeIO, os coordinadores do máster e un representante dos departamentos con docencia no máster.

A decisión do xurado será inapelable e os premios poderán ser declarados desertos a proposta do mesmo.

O fallo do xurado darase a coñecer mediante correo electrónico e publicarse na páxina web do máster o **1 de outubro de 2021.**

#### **7. Premios**

Concederáse un premio en cada unha das categorías.

A cada póster premiado corresponderalle un ano de inscrición á SGapeIO, así como a inscrición ó XV Congreso da SGapeIO.

Tódolos participantes recibirán un diploma que acredite a súa participación no concurso.

#### **8. Reserva de dereito**

A organización do concurso resérvase o dereito a modificar as condicións do mesmo, en especial as datas previstas no calendario, ou mesmo a súa posible anulación, sempre que haxa unha causa xustificada.

#### **9. Aceptación das bases do concurso**

A participación no concurso supón a plena aceptación das súas bases.